



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/14001

Feitos

Primeiro. Con data do 30.09.2025, o servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/14001, de profesor/a axudante doutor/a (convocada por Resolución reitoral do 21.07.2025), incorren en conflitos de interese, dos establecidos no Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Cerdeira Pena, Ana Belén: secretaria titular
López Rodríguez, Juan Ramón: secretario suplente

Segundo. Con data do 10.10.2025 o Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información remitiu unha nova proposta de secretarías.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso, a causa alegada xustifica a substitución da secretaria titular e suplente.

Pola súa parte, o artigo 6.3 da citada normativa establece que o consello de departamento propondrá a presidencia e a secretaria, titulares e suplentes.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretaría titular: substitúese a Ana Belén Cerdeira Pena por Francisco Javier Rodríguez Martínez, profesor contratado doutor da Universidade de Vigo.

Secretaría suplente: substitúese a Juan Ramón López Rodríguez por José Ramón Ríos Viqueira, profesor titular de universidade da Universidade de Santiago de Compostela.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández